

VIVEIRO de EMPRESAS CAMBADOS

SmartPeme PONTEVEDRA

O Viveiro de Empresas é unha acción impulsada polo Concello de Cambados co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e proporcionar un espazo de xestión e un apoio administrativo ás novas empresas, facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas ou a viabilidade de empresas xa existentes para a súa posterior inserción no mercado, favorecendo aquelas de especial interese social ou estratéxico. Comezar un proxecto empresarial constitúe un gran reto. Poñer en marcha unha iniciativa propia, a través da creación dunha empresa, é unha aventura persoal tan estimulante como complexa. Sen embargo, non é unha aventura imposible.

# II XORNADAS PARA EMPRENDEDORES



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

SmartPeme PONTEVEDRA


Tel. 986 520902 www.viveiroempresas.com

Fax 986 524866 Portavoz@cambados.es




# II XORNADAS PARA EMPRENDEDORES

## CONCELLO DE CAMBADOS

CONCELLO DE CAMBADOS

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA VIVEIRO de EMPRESAS CAMBADOS SmartPeme PONTEVEDRA

**10 e 11 de novembro, no centro ExpoSalnés e no Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados**

## Presentación SmartPeme Cambados

O vindeiro xoves 10 de novembro do 2016, as 10:00 horas, terá lugar a presentación da rede SmartPeme no centro ExpoSalnés (paseo da Calzada, s/n), en Cambados.

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, Don Francisco Javier Dios Pomares, deputado provincial de Innovación e Promoción Económica e Doña Fátima Abal Roma, alcaldesa de Cambados, presentaran os servizos que presta SmartPeme ao sector empresarial de Cambados.

SmartPeme é unha rede de asesores cualificados en tecnoloxías da información e comunicación (TIC) a disposición do tecido empresarial onde se presta un servizo de información e asesoramento presencial e personalizado de maneira gratuíta.

Así mesmo, o acto contará coa intervención do Xefe de Proxecto de SmartPeme, Jose Antonio Piñeiro, e do asesor TIC SmartPeme José Luís Taboada.

SmartPeme PONTEVEDRA



grupo arestora

RECURSOS HUMANOS, DESARROLLO, RENDIMIENTO y OPTIMIZACIÓN EMPRESARIAL

## Presentación do Viveiro de Empresas e dos Espazos de Emprendemento no Medio Rural

O vindeiro venres 11 de novembro do 2016, as 10:00 horas, terá lugar a presentación do Viveiro de Empresas e dos espazos de Emprendemento no Medio Rural no centro **de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados,** en Cambados. Susana Rodríguez (Grupo Arestora – Responsable Área UP+) Realizara unha charla sobro o Proxecto Formativo de Impulso e Motivación polo Emprendemento Comercial no Concello de Cambados, e farase unha Visita ás instalacións do Viveiro de Empresas, pola tarde continuarase ás 19:00 no centro ExpoSalnés coas Xornadas de Emprendemento.

## Xornada Emprendemento

### Que fago da miña vida?

Remataches os teus estudos ou estás a piques de facelo, ou todavía non os empezaches, ou prefires outras alternativas á formación reglada, ou simplemente buscas algo que facer. Sexa o que sexa vamos supoñer que estás nese momento no que te preguntas *'que fago da miña vida?*



DALLE DALLE

Coworking Vilagarcía

### Dalle que Dalle

**A vida está chea de oportunidades e queremos compartilas contigo**

Descobre todo o que che pode ofrecer Dalle que Dalle no seu espazo de coworking:

Asesorámosche no lanzamento do teu proxecto, ofrecémosche despachos e espazos de coworking a prezos super reducidos con todo incluído, axudámosche a mellorar a túa rede de networking con eventos e apoiamos a túa formación que máis se pode pedir?